

ACTA N° 29/09

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 29 DE XUÑO DE 2009

Asistentes:

CONCELLEIROS:

D. Arturo González Pérez.
D. Víctor Manuel Pastoriza Lino.
D. Daniel Rodas Chapela.
D. Valentín Piñeiro González
D.^a Libertad Cruz Couso.

Secretario: D. Carlos Piñeiro Sarmiento.

Na Casa do Concello de Moaña, o 29 de xuño de 2009, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:10 horas.

1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local número 28/09, do 22/06 e a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar ditas actas.

2.- LICENZAS DE OBRAS

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinados os informes do técnico e do secretario municipais, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obras, que serán efectivas, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

- **EXPTE. 75/09 – D.^a MARÍA GONZÁLEZ NORES** presenta proxecto básico e execución para vivenda unifamiliar no lugar de Fuxon, do barrio de Igrexario-Tirán, Moaña, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo arquitecto D. Gumersindo Vázquez Gómez, sendo o arquitecto técnico D. José Ponce Yáñez, visado na data 13.04.2009,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 24 xuño de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: BASICO E DE EXECUCIÓN PARA VIVENDA UNIFAMILIAR.

INFORME TÉCNICO. **Procede licenza** por resultar compatible coa normativa urbanística.

No expediente consta a acta de replanteo para o sinalamento da alineación, fixación de cesións e fianza subscripta polo arquitecto técnico municipal con data de 15 de xuño do 2009 para ordenanza 2.

Non require informes sectoriais.

Presenta documento público de arrimo.

Cumpre coas Normas do hábitat.

Cédese 00,00M/2 , resultado de aplicar a afección do sistema viario sobre a parcela co obxecto de incorporalo a este.

Constitúese fianza por un importe 00,00 euros, contía que responde os gastos de urbanización simultánea a acometer polo petionario..

No expediente consta o estudo básico de seguridade e saúde.

A eficacia desta licencia se condiciona a ter rematadas as obras de edificación e urbanización simultánea en prazo así como o sistema de reutilización de augas grises e pluviais; para recibir estas ultimas polo concello e facultala conexión coas infraestructuras correspondentes levaranse a cabo obtendo a licenza de primeira ocupación antes do primeiro uso.

Notas para o informe xurídico:

A presente licenza aplícaselle o disposto na Lei 9/2002, disposición transitoria primeira 1.b) por ser solo urbano con planeamento aprobado ao abeiro da Lei 11/1985, polo tanto, non adaptado a Lei 1/1997 por reunir as condicións do artigo 12.a) da Lei 9/2002 para a condición de soar.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto sobre construcións	4.019,21 €
Taxas licenza urbanística.....	502,40 €
Cartel de obra.....	110,00 €
Taxas conexión sumidoiros	180,00 €

3.- ARQUIVO PROVISIONAL DE EXPEDIENTE

EXPTE. 123/09 – RÍO DA RIBEIRA MACBIL, S.L. presenta de adaptación de local para café-bar, situado na r/ Concepción Arenal, nº 72 baixo, de conformidade co proxecto presentado e redactado polo arquitecto técnico D. Humberto Guimeráns Gallego, visado na data 17 de xuño de 2009; superficie total 115,40 m²; orzamento das obras 28.495,50 euros.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 24 de xuño de 2009, que literalmente di:

Peticionario: Rio da Ribeira Macbil, S.L.

Asunto: Adaptación de local asociado a unha licencia de actividade clasifica destinada a apertura de Café-Bar.

Situación : R/Concepción Arenal

INFORME:

O apartado 3 do Artigo 22 do Regulamento de Servicios das Corporacións Locais –Decreto de 17 de Xúño de 1955- especifica que con arreglo o proxecto presentado, a edificación dun inmueble se

destinará a establecemento de características determinadas, non se otorgará a licenza de obras sin o otorgamento da licenza de apertura si fose procedente.

Abondando an cuestión, o apartado 2 do Artigo 196 da lei 9/2002, reformada pola lei 15/2004 de Ordenación urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia nos afirma que nos supostos que esixan licenza de actividade ou apertura e , ademais, licenza urbanística, serán obxero duna soa resolución, sin perxuício da formación e tramitación simultánea de pezas separadas de cada intervención administrativa.

Dado a existencia de informes sectoriais de outras administracións concurrentes no espazo do expediente de actividade e sendo que a proposta de resolución da solicitude de licenza de actividade clasificada ou de apertura ten prioridade sobre a correspondente licenza urbanística, **proponse o arquivo provisional** deste expediente de obra en tanto non se remate o trámite da licenza de actividade.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	797,87 €
Taxas licenza urbanística.....	71,24 €
Cartel de obra.....	110,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e á vista do informe do técnico municipal, acorda **o arquivo provisional do expediente nº 123/09 en tanto non se remate o trámite da licenza de apertura.**

4.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

O concelleiro delegado de Urbanismo informa á Xunta de Goberno Local do escrito formulado por D. ÁLVARO REFOJOS GONZÁLEZ, en representación de FUXONTIR, S.L., no que SOLICITA licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar situada no barrio de Casal, s/n (vivenda nº 3), pertencente á licenza de obra expte. nº 281/2004, concedida pola XGL en sesión de data 31.01.2005.

Considerando que a dito escrito engádeselle a documentación esixible para o trámite de licenza de primeira ocupación, e informe do técnico municipal de data 23 de xuño de 2009 que di:

ASUNTO: SOLICITUDE DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

INFORME: **Procede informar favorablemente a solicitude de Licenza de primeira ocupación.**

A solicitude obxecto do presente informe presenta a seguinte documentación:

- Recibo da taxa de liquidación pola Licenza de primeira ocupación.
- Certificado final de obra, conforme a obra foi rematada segundo o proxecto aprobado e a documentación técnica que o desenvolve, asinado polo arquitecto técnico D. Raúl Rey Fandiño, o día 08 de outubro de 2008, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Pontevedra o día 18 de novembro de 2008; asinado polo arquitecto D. Jose Manuel Pastoriza Rodas o día 08 de outubro de 2008, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 01 de decembro de 2008.
- Fotografía e planos do estado final da obra rematada e acordos coa licenza aduxidcada.
- Copia de declaración simplificada de alteración de bens inmobles de natureza urbana. Modelo 902-N.

- Copia da solicitude de licenza urbanística, copia dos recibos de pago do ICIO e da taxa por licenza urbanística e copia da Licenza de construción.
- Copia do recibo de pago de conexión de sumidoiros vivenda núm. 3

Liquidación provisoria de tributos

Licenza primeira ocupación 130,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar dimanante da licenza en Expte. nº 281/2004, á súa promotora FUXONTIR, S.L., representada por D. Álvaro Refojos González, nos termos sinalados no informe do técnico municipal.

5.- OUTROS ESCRITOS E LICENZAS

5.A) [Auséntase o concelleiro Sr. Piñeiro González]

Visto o informe emitido polo aparelador municipal o día 25 de xuño de 2009, en relación ao proxecto de REFORMA DE INSTALACIÓNS E MEDIDAS MEDIO AMBIENTAIS EN ESTACION DE SERVICIO PARA A SÚA ADECUACIÓN Á DIRECTIVA EUROPEA 94/63 CEE promovida pola Estación de Servicio Sanchilán, S.L., que di:

Arturo Garrido García, aparelador municipal deste concello, a requerimento do Sr. Alcalde, e co obxecto de impulsar a tramitación ante a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras do proxecto de REFORMA DE INSTALACIÓNS E MEDIDAS MEDIO AMBIENTAIS EN ESTACIÓN DE SERVICIO PARA A SÚA ADECUACIÓN A DIRECTIVA EUROPEA 94/63 CEE promovida por Estación de Servicio Sanchilán, S.L., ante a reclamación efectuada con rexistro de entrada nº 7168 de 2/09/2008 efectuada por Maximino Chapela Cancelas e David Nuñez García, informo:

A alegación presentada conclue coa solicitude de a denegación da licenza, igoalmente solicita a revisión das licenzas concedidas as distintas unidades de venda de Gasoleos del Morrazo, S.L.con graves irregularidades polo que propoñen o cese da actividade.

As distintas accións sobre o solo foron producíndose o amparo de normativas diversas (NN.SS do 84 e 96) , con tramitacións nalgúns casos supervisadas pola Comisión Provincial de Urbanismo cando por motivos clasificatorios do solo estas actuacións se exerceron sobre solo non urbanizable (rústico), con interpretacións diversas das distintas actuacións técnicas e baixo a iniciativa de entidades diferenciadas sobre a data de 1993 se definía como parcela única. Nuha primeira aproximación detéctase algún elemento das instalacións sen licenza a confirmar.

A Estación de Servicios Sanchilán, como elemnto diferenciador das distintas instalacións que se ubican sobre a parcela propiedade de Gasoleos do Morrazo, S.L., ocupa a zona central da mesma. A licenza otorgada no seu día tramitouse baixo réxime imposto do solo non urbanizable que clasificaba a parcela nese intre; coa entrada en vigor das NN. SS. de Planeamento Municipal de 1996 debido a unha incompatibilidade de usos, tanto a instalación descrita como a correspondente a tres depósitos soterrados da marxe dereita que se tramitan co mesmo procedemento cunha parcela declarada de 3786 M/2, quedan en situación xenérica de fora de ordenación por incumplimento de usos e dotacións de aparcamento asociadas. Cando o técnico que suscribe intenta interpretar o determinado no epígrafe 2.3.5.3. dos Edificios fora de ordenación, apartados 2 e 3 con claridade as NN. SS. de Planeamento municipal permite autorizar as necesarias obras de mellora e conservación garantíndose o uso actual agregándose a súa adecuación tanto os criterios técnicos da edificación como a imposibilidade de producirse ampliacións que supoñan incremento do volúmen edificado. (Trasvasar un concepto que se

presenta sobre un edificio- volumen edificado- a unha instalación de estación de servicio resulta complexo si este se centra nun incremento do número de mangueras dispensadoras; na actualidade catro surtidores con dous dispensadores cada un por dous surtidores con oito mangueras dispensadoras. Solicitado un pronunciamento expreso a Consellería na tramitación este non chegou a producirse, cuestión que reitero e expoño ante a Xunta de Goberno Local a interpretación semántica na cal unha maior racionalización da actividade co incremento a 16 dispensadores non supoñen impedimento para a licenza) por non constituir incremento de volumen edificado.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistente acorda aprobar o informe elaborado polo aparelador municipal e **remitilo á Delegación da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.**

[Reincorpórase o concelleiro Sr. Piñeiro González]

5.B) Visto o escrito remitido pola Xunta de Galicia, CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE – AUGAS DE GALICIA, no que solicita informe previo do Concello para a tramitación da solicitude de autorización administrativa para peche de finca en zona de policía do rego de Sabaceda, na marxe esquerda, no lugar de Sachelán, na parroquia de San Martiño, no Concello de Moaña, solicitado por UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A., CLAVE: DH.W36.15737, para o que achega o proxecto –do que pide a súa devolución-,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 22 de xuño de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: SOLICITUDE DE INFORME DE AUGAS DE GALICIA

PETICIONARIO: UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A.

Ante a petición de informe para autorización administrativa para peche de finca en zona de policía do rego de Sabaceda, na marxe esquerda, no lugar de Sachelán da parroquia de San Martiño, **clave DH.W36.15737 de Augas de Galicia**, sendo o peticionario Unión Fenosa Distribución, S.A, temos a ben de informar que as características do peche sobrepasan as dimensións que para solo rústico están determinadas no Artigo 42.1,c) da LOUGA. De calquer xeito, si do trámite para a autorización previa a licenza da Comunidade Autónoma resulta que, dadas as características de protección que esixe a instalación, pódese superar a altura xenéricamente establecida, este concello deberá asumir a proposta quedando supeditada a licenza do peche a integración da mesma no conxunto da instalación polo cal ésta deberá tramitarse conxuntamente coa subestación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistente acorda aprobar o informe elaborado polo aparelador municipal e **remitilo á Augas de Galicia, Demarcación Galicia Sur.**

6.- PROPOSTA DE GASTOS

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor

de obras, ademais, o presuposto das obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vistas as propostas de gasto que se detallan a continuación,

DEPARTAMENTO	CONCEPTO	PROVEEDOR	PARTIDA	IMPORTE
SERVIZOS	Suministro fixador e selador de grava	ZORELOR, S. A.	5110 – 22109 RC 1162	429,78€
CULTURA	Fogos artificiais Festas do Carmen 2009	PIROTECNIA LA GALLEGA, S.L.	4510 – 22607	10.000€

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2009 acreditado pola retención de crédito para gastos que se efectúan nas partidas mencionadas,

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta de gasto, autorizando e comprometendo o gasto tal e como se reflicte na táboa.

7.- RELACIÓN DE FACTURAS

O delegado de Facenda propón que se aprobe a relación de facturas nº 167 presentada pola Intervención municipal de data 23 de xuño de 2009, levada á Comisión de Facenda desa mesma data, por importe de 75.950,49 euros, cuxa relación empeza por CYBERNOVA MOAÑA, S.L. polo importe de 351,87 euros e remata coa factura SANTOMÉ GONZÁLEZ, JUAN PABLO polo importe de 348,00 euros, e que está integrada por dous anexos:

- Anexo I: gastos do 2009 que contan con autorización de gasto ou RC anual.
- Anexo II: gastos do ano 2009 que contan con Retención de crédito ao inicio da tramitación e proposta de gasto.

Factura	Interesado	Partidas	Importes
075/09	CYBERNOVA MOAÑA S.L.	1210 21600	351,87
15/2009	CONSTRUCCIONES XULIO CASTAÑO, S.L.	5110 61000	13.868,75
339944	SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELEGRAFOS S.	1210 22201	768,38
313	PROCULTOR, S.L	4511 22608	928,00
290430	TELGA COMUNICACIONES S.L.	2220 20900	89,27
34/2009	TEATRO DO MORCEGO S.L.	4511 22608	1.000,00
282	ALDAO GONZALEZ SUSANA 000585232X SLNE	3130 22703	3.647,63
283	ALDAO GONZALEZ SUSANA 000585232X SLNE	3130 22703	1.558,40
14	INTAPYR, S.L.	4520 62204	26.968,24
900005	URBASER S.A.	4420 22608	17.933,32
06/2009	BANDA DE MUSICA AIRIÑOS DO MORRAZO	4510 22612	778,13
03/2009	BANDA DE MUSICA AIRIÑOS DO MORRAZO	4510 22612	1.360,42
207/09	E. BERMUDEZ E HIJOS S.L.	3130 22614	210,00

299	WURTH, S.L.	1210 22706	394,37
848	ALMACENES CANDUCHO S.L.	5110 22109	1.921,96
284	MONTES COSTAL, Maria Luz	4510 22108	254,91
293	MONTES COSTAL, Maria Luz	4220 22108	160,31
296	MONTES COSTAL, Maria Luz	4220 22108	245,41
295	MONTES COSTAL, Maria Luz	1210 22199	13,89
291	MONTES COSTAL, Maria Luz	4510 22108	68,99
289	MONTES COSTAL, Maria Luz	3130 22108	5,85
288	MONTES COSTAL, Maria Luz	4220 22108	46,89
287	MONTES COSTAL, Maria Luz	4430 22108	38,45
286	MONTES COSTAL, Maria Luz	4220 22108	254,84
260	MONTES COSTAL, Maria Luz	4220 22108	155,78
298	MONTES COSTAL, Maria Luz	4511 22108	14,62
299	MONTES COSTAL, Maria Luz	4220 22108	249,08
282	MONTES COSTAL, Maria Luz	4220 22108	376,53
283	MONTES COSTAL, Maria Luz	4220 22108	256,78
290	MONTES COSTAL, Maria Luz	1210 22108	99,87
4441	PAZ DISMAC, S.L	1210 22000	74,75
4442	PAZ DISMAC, S.L	1210 22003	744,72
83/09	CYBERNOVA MOAÑA S.L.	1210 22002	113,00
80/09	CYBERNOVA MOAÑA S.L.	1210 62600	130,00
81/09	CYBERNOVA MOAÑA S.L.	1210 22002	255,20
82/09	CYBERNOVA MOAÑA S.L.	1210 62600	170,00
79/09	CYBERNOVA MOAÑA S.L.	1210 22002	57,88
683	SANTOME GONZALEZ, Juan Pablo	2221 21400	384,00
TOTALES. . . .			
.			75.950,49

Visto o informe do interventor 128/2009 do 23 de xuño de 2009, no que se refire ao incumprimento dunhas factura incluída no anexo II de trámites previstos na Lei de contratos do sector público, nas bases de execución do orzamento e no RD 1496/2003, e no que emite reparo pola asunción de gastos orixinados por clubs de xubilados, alleos ao Concello sen ningún tipo de relación orgánica ou de dependencia del,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda o recoñecemento da obriga das facturas relacionadas na **relación número 167**, con cargo ás partidas orzamentarias que figuran nela, para evitar o enriquecemento inxusto da Administración, por entender que os servizos foron efectivamente executados e por tratarse de bens e instalacións municipais.

8.- FACTURA TELEFONÍA MÓBIL (MES DE MAIO 2009)

Vista a proposta da Comisión de Facenda do 23 de xuño de 2009 presentada polo Delegado a esta xuntanza,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o consumo de telefonía móbil do mes de maio de 2009, reflectido na factura 28-F985-646168 de Telefónica Móviles España, S.A., por un importe de 2.777,00 euros e recoñece a obriga con cargo ás partidas orzamentarias recollidas no RC 2009-979-0; tamén acorda aprobar a bonificación de 713,53 euros correspondentes a dita facturación.

9.- FACTURA UNIÓN FENOSA

Vista a proposta da Comisión de Facenda do 23 de xuño de 2009 presentada polo Delegado a esta xuntanza,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o consumo de enerxía eléctrica do mes de maio de 2009 reflectido nas facturas de Unión Fenosa, por un importe de 37.146,24 euros, e recoñece a obriga con cargo as partidas orzamentarias sinaladas no RC 2009-976-0.

10.- CONTRATACION PERSOAL COOPERACION LOCAL 2009

Dase conta da proposta feita polo tribunal calificador das probas do persoal de Cooperación Local 2009, relativo a catro limpiadoras de praias.

SELECCIÓN DE PERSOAL PROGRAMAS DE COOPERACIÓN LOCAL 2009.

Unha vez feitas as oportunas probas resultaron seleccionadas as candidatas que se resaltan en negrilla

PEÓN DE LIMPEZA DE PRAIAS – Limpeza de praias	PTOS. CURRÍCULO	Test	total
ALONSO PÉREZ, CONCEPCIÓN	0,00	1,80	1,80
FERNANDEZ AMBROA, MARÍA ROSARIO	1,90	1,90	3,10
FERREIRA GONÇALVES, MARÍA ADELAIDE	0,00	0,90	0,90
GARCÍA SANTOMÉ, CARMEN	0,00	1,50	1,50
JUNCAL JUNCAL, MARTÍN	2,20	3,60	5,80
MAYO MACEIRAS, MARÍA	0,00	3,00	3,00
PARADA FERVENZA, MARÍA DEL SOL	0,00	1,20	1,20
PAZ CASAS, IRENE	0,20	2,70	2,90

Os membros do tribunal propoñen a súa contratación.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos membros asistentes, acorda aprobar a contratación das traballadores-as referenciadas e destacados-as en negrilla, dende o 1 de xullo o 31 de Outubro de 2009, con un contrato de duración determinada e o seguinte salario

OCUPACIÓN	CNAE. / EPÍGRAFE	GRUPO COTIZAC	SALARIO MES	COMP. POSTO	p.p. EXTRA	PLUS ESTRAS.	SALARIO BRUTO	BASE COTIZAC.	COTA EMPR. S.S.	CUSTO TOTAL MES	I x CESE FINAL
OBRA OU SERVIZO: LIMPEZA DE PRAIAS.											
PEÓN DE LIMPEZA DE PRAIAS	Cnae:letra g Ep= 35%	10	1.042,91	0,00	173,82	85,00	1.301,73	1.216,73	425,86	1.727,59	340,68

11.- PROGRAMAS DE COOPERACIÓN LOCAL 2009: MANTEMENTO DE ZONAS VERDES E ESPAZOS PÚBLICOS, MANTEMENTO E REXENERACIÓN DE ESPAZOS NATURAIIS.

Vista a proposta da Alcaldía do 26 de xuño de 2009, que literalmente di:

Á vista do informe emitido pola técnica local de emprego, do contido nas resolucións de concesión de subvencións das obras ou servizos; “Mantemento de zonas verdes e espazos públicos” e “Mantemento e rexeneración de espazos naturais” integradas nos programas de cooperación local do Concello de Moaña e do contido na Orde de 29 de decembro de 2009 da Consellería de Traballo, reguladora dos Programas de Cooperación, faise necesario aprobar as bases de selección e polo tanto poñer en marcha o procedemento de selección e posterior contratación dos traballadores que formarán parte dos ditos programas, aprobando os criterios e data de selección dos candidatos á contratación, a composición do tribunal cualificador e as condicións baixo as que se realizarán as contratacións.

Polo anterior, **PROPOÑO:**

A) Aprobar os criterios de selección dos traballadores de entre os candidatos que serán enviados para cada posto de traballo subvencionado pola oficina de emprego, así como a composición do tribunal cualificador e a data de selección dos mesmos.

Os criterios, datas de selección e composición do tribunal propostos son os seguintes:

BASES DE SELECCIÓN DE PERSOAL DOS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN LOCAL 2009 DO CONCELLO DE MOAÑA.

PRIMEIRA: OBXECTO

O obxecto das presentes bases é establecer o procedemento de selección de persoal que será contratado dentro dos programas de cooperación local entre a Consellería de Traballo e o Concello de Moaña correspondentes ó período 2009.

En todo caso a selección de traballadores realizarase de entre os candidatos que sexan remitidos para cada posto de traballo subvencionado pola oficina de emprego de Cangas, de acordo co recollido no artigo 12 da Orde de 29 de decembro de 2008 da Consellería de Traballo reguladora dos Programas de Cooperación Local para o ano 2009.

Os postos de traballo a cubrir, o salario e duración do contrato para cada un dos postos son os que se indican na seguinte táboa.

Nº POSTOS	DENOMINACIÓN POSTO	SALARIO BRUTO	I x CESE FINAL	DURACIÓN CONTRATO
MANTEMENTO DE ZONAS VERDES E ESPAZOS PÚBLICOS.				
1	OFICIAL DE 1ª XARDINEIRO	1.402,42	737,76	8 meses
4	PEÓN XARDINEIRO	1.301,73	681,36	8 meses
MANTEMENTO E REXENERACIÓN DE ESPAZOS NATURAIIS.				
4	PEÓN FORESTAL	1.301,73	681,36	8 meses

Os candidatos que resulten seleccionados serán contratados baixo a modalidade de contrato de traballo de duración determinada de interese social, a tempo completo e para unha obra ou servizo determinado.

SEGUNDA: CONDICIÓN DOS ASPIRANTES.

Para tomar parte nesta convocatoria, será necesario:

- a) Ser candidato remitido pola oficina de emprego de Cangas para o posto de traballo ó que se pretende optar.
- b) Ser español. Os nacionais dos demais Estados membros da U.E. e os estranxeiros residentes en España poderán acceder en igualdade de condicións cós españois, deberán acreditar a súa nacionalidade ou a súa residencia e o cumprimento das condicións establecidas para tódolos aspirantes, mediante a tarxeta acreditativa, en orixinal ou fotocopia compulsada, da súa identidade, expedida polas autoridades competentes do seu país de orixe.
- c) Ter 16 anos cumpridos e non exceder dos 65.
- d) Non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións inherentes ó posto de traballo.
- e) Non estar separado, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas, nin estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade, que determinen as disposicións vixentes.

Todos estes requisitos deberán posuírse no momento de remata-lo prazo de presentación de solicitudes e conservalos, polo menos, ata o momento da proposta de contratación e posterior sinatura do contrato.

TERCEIRA: INSTANCIAS

As instancias para tomar parte nesta convocatoria, nas que os aspirantes manifestarán que reúnen todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos, dirixiranse ó Sr. Alcalde-Presidente da Corporación e presentaranse no rexistro xeral deste concello, durante os días 30 de xuño e 1 de xullo de 2009.

Así mesmo os aspirantes acompañaran ás instancias a documentación seguinte:

- Fotocopia do DNI debidamente compulsada.
- Fotocopia compulsada do documento de afiliación á Seguridade Social.
- Declaración xurada de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións inherentes ó posto de traballo.
- Declaracións xuradas de cumpri-los requisitos sinalados na base segunda, apartado e) sen prexuízo no seu caso de ter que acreditálo tamén de xeito documental caso de así o solicitase o Tribunal.
- Fotocopia compulsada dos documentos acreditativos dos méritos que aleguen (títulos de cursos, contratos, nóminas...)
- Vida laboral.

O requisito de ser candidato remitido pola oficina de emprego de Cangas será comprobado polo Concello de Moaña mediante listado de candidatos para cada posto de traballo subministrado pola propia oficina, non sendo admitido ao proceso selectivo ningún candidato que non figure no citado listado.

CUARTA: TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal de selección estará integrado polos seguintes membros:

Presidente:

- María Torea Priegue. Técnica local de emprego.

Vogais:

- Carmen Pérez García. Orientadora laboral.
- Eugenio Costa Diz. Funcionario da área de persoal
- Ángeles Cabeiro Dopico. Funcionaria da área de administración.

Secretario:

- O secretario do Concello de Moaña, ou funcionario en quen delegue.

O tribunal poderá nomear un asesor, caso de consideralo preciso.

QUINTA: SISTEMA DE SELECCIÓN E CUALIFICACIÓN.

1. Valoración de currículos, 40% da puntuación. Máximo 4 puntos. Valorándose os seguintes méritos:

- Experiencia: A máxima puntuación neste apartado será de 2 puntos.
Por cada seis meses de traballo acreditado en posto igual ó que aspira.....0,2 puntos.
- Formación: A máxima puntuación neste apartado será de 2 puntos.
Por cada curso de formación, impartido, organizado ou homologado por administracións públicas ou universidades, directamente relacionado co posto de traballo ao que se opta:
 - Ata 40 horas0,20 puntos.
 - De 41 a 100 horas.....0,40 puntos.
 - De 101 a 200 horas.....0,75 puntos.
 - Mais de 200 horas.....1,00 puntos.

A experiencia profesional deberá acreditarse mediante fotocopia compulsada de contratos ou nóminas ou certificacións oficiais e vida laboral actualizada.

O cursos de formación deberán acreditarse mediante fotocopia compulsada do título.

2. Exame tipo test, 30% da puntuación. Máximo 3 puntos.

Realización dun exame teórico tipo test de 20 preguntas, con catro posibles respostas alternativas, das que so 1 poderá ser correcta. Cada 2 preguntas mal contestadas resta 1 pregunta ben contestada, as preguntas non contestadas non restan. O exame versará sobre as materias que figuran como anexo a estas bases.

3. Proba práctica, 30% da puntuación. Máximo 3 puntos.

A proba práctica versará sobre traballos a realizar, técnicas de traballo e ferramentas a utilizar por peóns forestais, peóns xardineiros e oficiais de primeira xardineiros.

Mediante estas tres probas os candidatos poderán acadar un máximo de 10 puntos, seleccionaranse os candidatos que maior puntuación acaden.

En caso de empate entre os candidatos a calquera posto de traballo, decidirse a selección outorgando preferencia os colectivos con maiores dificultades de inserción laboral, pola seguinte orde de preferencia:

1. Mulleres, en especial as que acrediten a condición de vítimas de violencia.
2. Menores de 30 anos, en especial, os demandantes de primeiro emprego, demandantes con mais de 6 meses en desemprego ou aqueles sen cualificación profesional.
3. Desempregados de longa duración.
4. Persoas discapacitadas. Sempre que a súa discapacidade no impida o desenvolvemento do traballo a realizar.
5. Desempregados maiores de 45 anos.
6. Persoas en risco de exclusión social, especialmente beneficiarios do RISGA e mulleres que abandonasen o exercicio da prostitución.

SEXTA: FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS.

Rematado o proceso selectivo, o Tribunal cualificador elevará ó órgano competente a proposta de contratación dos aspirantes que obteñan a maior puntuación, quen resolverá sobre a contratación e formalización dos contratos de conformidade cos modelos de contratación previstos na normativa aplicable.

SETIMA: PRAZOS.

Presentación de documentación: Días 30 de xuño e 1 de xullo.

Listado admitidos e excluídos e valoración de currículos: Día 2 de xullo ás 17:00

Exames tipo test e probas prácticas: Día 2 de xullo ás 17:00 no salón de plenos do Concello. O lugar da proba práctica comunicárase unha vez realizado o exame tipo test.

Publicación de resultados: Día 3 de xullo ás 9:00 horas.

Período de alegacións: días 3 e 4 de xullo.

OITAVA: PUBLICIDADE.

As presentes bases serán publicadas no taboleiro de anuncios do Concello de Moaña.

NOVENA: NORMATIVA DE APLICACIÓN.

Para todo o non previsto nas presentes bases, será de aplicación a Orde de 29 de decembro de 2008 da Consellería de Traballo reguladora dos Programas de Cooperación Local para o ano 2009, a Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado público, Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de función pública de Galicia, a Lei 7/85 de Bases de Réxime Local, Lei 5/97, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, o Real Decreto Legislativo 781/86 de Disposicións Legais Vixentes en Materia de Réxime Local, o Decreto 95/1991 polo que se aproba o Regulamento de Ingreso do Persoal ó Servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, o Real

Decreto 364/95, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ó Servizo da Administración Xeral do Estado e Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional.

B) Que o Concello de Moaña contrate ós candidatos seleccionados e propostos polo tribunal, de acordo cos seguintes custos de contratación:

As remuneracións a percibir polos traballadores serán as seguintes:

OCUPACIÓN	SALARIO MES	COMP. POSTO	P.P. EXTRA	PLUS ESTRAS	SALARIO BRUTO	BASE COTIZAC.	COTA EMP. S.S.	CUSTO MES	I x CESE. FINAL
MANTEMENTO DE ZONAS VERDES E ESPAZOS PÚBLICOS (CONVENIO COLECTIVO DA CONSTRUCCIÓN).									
OFICIAL 1ª XARDINEIRO	1.093,22	36,00	188,20	85,00	1.402,42	1.317,42	501,94	1.904,36	737,76
PEÓN XARDINEIRO	1.042,91	0,00	173,82	85,00	1.301,73	1.216,73	463,57	1.765,30	681,36
MANTEMENTO E REXENERACIÓN DE ESPAZOS NATURAIS (CONVENIO DA CONSTRUCCIÓN).									
PEÓN FORESTAL	1.042,91	0,00	173,82	85,00	1.301,73	1.216,73	463,57	1.765,30	681,36

ANEXO

MATERIAS OFICIAL XARDINEIRO.

Tema 1.- A constitución española de 1978. Dereitos e deberes fundamentais.

Tema 2.- Principais traballos a desenvolver en xardinería.

Tema 3.- Principais técnicas de traballo en xardinería

Tema 4.- Maquinaria utilizada en traballos de xardinería

Tema 5.- Ferramentas utilizadas en traballos de xardinería.

Tema 6.- Clasificación e propiedades de árbores e plantas.

MATERIAS PEÓN XARDINEIRO.

Tema 1.- A constitución española de 1978. Dereitos e deberes fundamentais.

Tema 2.- Principais traballos a desenvolver en xardinería.

Tema 3.- Maquinaria utilizada en traballos de xardinería

Tema 4.- Ferramentas utilizadas en traballos de xardinería.

Tema 5.- Clasificación e propiedades de árbores e plantas.

MATERIAS PEÓN FORESTAL.

Tema 1.- A constitución española de 1978. Dereitos e deberes fundamentais.

Tema 2.- Principais traballos a desenvolver en traballo forestal.

Tema 3.- Maquinaria utilizada en traballo forestal.

Tema 4.- Ferramentas utilizadas en traballo forestal.

Tema 5.- Clasificación e propiedades de árbores e arbustos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta da Alcaldía nos seus xustos termos.

12.- CERTIFICACIÓN Nº 1 DA OBRA “1ª FASE INSTALACIÓN ELÉCTRICA DO CAMPO DE FÚTBOL DO CASAL”

Dase conta da certificación nº 1 da obra “1ª FASE INSTALACIÓN ELÉCTRICA DO CAMPO DE FÚTBOL DO CASAL”, presentada pola empresa MONTAXES ANTEPAZO, S.L., de data 7 de maio de 2009, asinada polo director de obra D. Luís A. Tizón Cabaleiro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Aprobar a certificación nº 1 da obra “1ª fase instalación eléctrica do campo de fútbol do Casal”, de data 7 de maio de 2009, polo importe de 30.309,31 €.

Segundo: Aprobar a factura nº 090/2009, do 8 de maio de 2009, de MONTAXES ANTEPAZO, S.L. polo importe de 30.309,31 euros, recoñecendo a obriga con cargo á partida 4520.62200.

13.- MODIFICACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO PLAN DE EXPLOTACIÓN DE TERRAZAS E CHIRINGOS EN DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO TERRESTRE

En data 8 de xuño de 2009 a Xunta de Goberno acordou aprobar a liquidación do Plan de explotación de terrazas e chiringos en dominio público marítimo terrestre presentada por Costas e poñer ao cobro a cantidade de 5.670 euros en concepto de canon e 3.780 euros en concepto de fianza, de acordo coa relación incluída no expediente .

Asemesmo acordou solicitar a ampliación do Plan de Explotación incluíndo o Bar Moaña (14 m2) na rúa Concepción Arenal e dar traslado a Costas da solicitude.

Visto o escrito do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra de data 25 de xuño de 2009, polo que acorda, en base á solicitude remitida polo Concello, incluír no Plan de explotación de terrazas e chiringos en dominio público marítimo terrestre a terraza do Bar Moaña, cunha superficie de ocupación de terrenos cualificados coma de dominio público marítimo terrestre de 14 m2 na rúa Concepción Arenal.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar a liquidación presentada por Costas e poñer ao cobro a cantidade de 420 euros en concepto de canon e 280 euros en concepto de fianza a Terraza “Bar Moaña”, de acordo co cadro que se expón a continuación e trasladar o acordo á Recadación municipal:

INSTALACIÓN/PRAIAS	UNIDAD ES	SUPERFICIE	TOTAL M2	€/M2/UNIDADE	CANON €	FIANZA €
Rúa Concepción Arenal						
Terraza “Bar Moaña”: D. José Antonio Rodríguez Seoane	1	14	14	30	420	280

14.- APROBACIÓN MATRÍCULA IAE CORRESPONDENTE AO EJERCICIO 2009

Vista a proposta da Alcaldía, con data 22 de xuño de 2009:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

En uso das competencias atribuídas na lexislación vixente, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1.-Aprobación da matrícula do IAE correspondente ó exercicio 2009.

2.-En cumprimento do disposto no artigo 90 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, Real decreto legislativo 2/2004 e no Real decreto 243/95, acórdase someter a exposición pública a matrícula do IAE correspondente ó exercicio 2009, podendo os interesados examinar a expresada documentación na secretaría municipal do concello durante os 15 días hábiles seguintes á publicación deste anuncio no BOP.

Recursos ou reclamacións: no prazo de 15 días hábiles seguintes ó da finalización da exposición ó público poden os interesados formular por escrito as reclamacións ou recursos que se mencionan, contra las inclusións, exclusións ou alteracións de calquera dos datos contidos na matrícula (artigo 4 do Real decreto 243/95):

- Contra a matrícula que afecte ás cotas do Estado ou da Provincia, recurso de reposición potestativo ante o órgano competente da Administración Tributaria do Estado ou reclamación económico-administrativa ante o Tribunal Económico-Administrativo rexional, no prazo dun mes dende o día inmediato seguinte ó do término do período de exposición pública da matrícula.

- Contra a matrícula que afecte ás cotas municipais, recurso de reposición ante o Concello de Moaña, previsto no art. 14.2 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, no prazo dun mes dende o día inmediato seguinte ó término do período de exposición da matrícula; contra a resolución deste ou a súa desestimación presunta, reclamación económico-administrativa ante o Tribunal Económico-Administrativo rexional.

A Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a matrícula do IAE correspondente ao exercicio 2009 e sometela a exposición pública segundo se recolle na proposta da Alcaldía.

15.- SOLICITUDE POSTOS DE VENDA AMBULANTE

En data 29 de maio de 2009 recíbese no Concello escrito da Sociedade Cooperativa RIAS LACHAN GALICIA S.C.G. no que solicitan a renovación actual dos 67 postos de venda ambulante no Concello para distribuílos entre as persoas que veñen exercendo esta actividade no Concello. Acompañan ao escrito unha relación de persoas para as que solicitan os postos de venda ambulante e xustifican a solicitude en base en que as cooperativas de traballo asociado, caso da entidade solicitante, habilitan para a concesión de postos aos cooperativistas, e que veñen desempeñando esta actividade dende hai tempo.

Coa documentación remitida pola sociedade cooperativa solicitante, non se aporta acreditación de estar ao corrente coa Seguridade Social, documentación esixida no apartado 5 do artigo e 7 da Ordenanza Municipal: *“Para o exercizo da venda ambulante as persoas deberán cumprir-los seguintes requisitos: ... Estar ao día no pagamento das súas obrigas ... coa Seguridade Social”*.

Visto o informe emitido pola Asistencia Xurídica a instancias do Concello, informe de data 26 de xuño de 2009, onde se determina que unicamente poderá obter licenza municipal para

ocupar un posto de venda ambulante, aquela persoa física o xurídica que reúna as condicións legais esixidas, aínda que no caso das persoas xurídicas (como pode ser unha sociedade cooperativa) pode ter á fronte do posto concedido á persoa física que contrate ao efecto.

Entendendo, de conformidade con este informe e ca Ordenanza municipal de venda ambulante do Concello de Moaña que os postos de venda ambulante, aínda que se poden conceder tanto a persoas físicas coma xurídicas, son de concesión individual e que a licenza municipal que autoriza o exercizo da actividade é persoal e intransferible, como sinala o artigo 16 da referida Ordenanza Municipal.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos presentes, acorda:

Conceder un posto de venda ambulante á Sociedade Cooperativa RIAS LACHAN GALICIA S.C.G. e requiririlles para que no prazo de 15 días presenten identificación da persoa que no nome da entidade ocupe o posto concedido. Para que este acordo surta efecto, deberán presentar certificación acreditativa de estar ao corrente na Seguridade Social.

16.- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE OBRA “INSTALACIÓN DE CÉSPED ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL DO CASAL”

Visto o informe para a aprobación do plan de seguridade e saúde no traballo polo coordinador na materia de seguridade e saúde durante a execución da obra, D. CRISTÓBAL JUNCAL RÍOS, emitido en data 22 de xuño de 2009:

INFORME PARA LA APROBACIÓN DEL PLAN DE SEGURIDAD Y SALUD EN EL TRABAJO POR EL COORDINADOR EN MATERIA DE SEGURIDAD Y SALUD DURANTE LA EJECUCIÓN DE LA OBRA

PROMOTOR

(Propiedad): CONCELLO DE MOAÑA

OBRA: CONVERSIÓN DE CAMPO FÚTBOL TIERRA EN CÉSPED ARTIFICIAL EN O “CASAL”

SITUACIÓN: O CASAL.

AYUNTAMIENTO: MOAÑA

AUTOR DEL PROYECTO: JOSE LUÍS DOMINGUEZ

DIRECCIÓN FACULTATIVA : Arquitecto Técnico:

Arquitecto: JOSE LUÍS DOMINGUEZ



COORDINADOR EN FASE DE PROYECTO: _____

COORDINADOREN FASE DE EJECUCIÓN: CRISTÓBAL JUNCAL RÍOS (Arq. y Urbanismo Morrazo, S.L.P.)

AUTOR DEL ESTUDIO DE SEGURIDAD Y SALUD O ESTUDIO BÁSICO DE

SEGURIDAD Y SALUD: JOSE LUÍS DOMÍNGUEZ

AUTOR DEL PLAN DE SEGURIDAD Y SALUD: COMPOSAN CONSTRUCCIÓN S.A.

ÁMBITO DEL PLAN DE S. Y S.:

Totalidad de la obra.

Parcial, Fase de: _____

CONTRATISTAS DIRECTOS: COMPOSAN CONSTRUCCIÓN S.A.

CONTRATISTA TITULAR DEL PLAN: COMPOSAN CONSTRUCCIÓN S.A.

INTERVENCIÓN DEL CONTRATISTA TITULAR DEL PLAN EN LA OBRA: _____

Por el Arquitecto Técnico que autoriza este INFORME, en su condición de Coordinador de Seguridad y Salud durante la ejecución de la obra reseñada en el encabezamiento, se ha recibido del representante legal de la Empresa Contratista, que así mismo ha quedado identificada, el Plan de Seguridad y Salud en el trabajo correspondiente a su intervención contractual en la obra.

Analizado el contenido del mencionado Plan de Seguridad y Salud en el trabajo, que queda unido por copia a este INFORME, se hace constar:

Que el Plan ha sido redactado por la COMPOSAN CONSTRUCCIÓN S.A. y desarrolla el Estudio/Estudio Básico de Seguridad y Salud, establecido para esta obra, documento que ha sido redactado en los términos prevenidos en el R.D. 1627/97 y disposiciones concordantes de la L. 31/95 y del Reglamento aprobado por el R.D. 39/97.

Considerando que, con las indicaciones antes consignadas, el Plan de Seguridad y Salud en el Trabajo a que se refiere este INFORME reúne las condiciones técnicas requeridas por el R.D. 1627/97, el coordinador de seguridad y salud durante la ejecución de la obra que suscribe procede a la remisión del presente INFORME sobre el reseñado plan que se eleva para su aprobación por el CONCELLO DE MOAÑA.(1), debiendo servir de instrumento básico de ordenación de las actividades de identificación y, en su caso, evaluación de los riesgos y planificación de la actividad preventiva por parte de la Empresa Contratista a la que se refiere, en su Capítulo II, el Reglamento de los Servicios de Prevención.

Del plan, una vez aprobado, se dará traslado por la Empresa Contratista a la Autoridad Laboral competente; al servicio de prevención constituido en la empresa o concertado con entidad especializada ajena a la misma, según previene la Ley 31/1995, de 8 de Noviembre, a efectos de cumplimiento de su art. 31.c a,b,c,d,e y f; a las personas u órganos con responsabilidades en materia de prevención en las empresas intervinientes o concurrentes en la obra; y a los representantes de los trabajadores a efectos de que puedan presentar, por escrito y de forma razonada, las sugerencias y alternativas que estimen oportunas (art. 7.4 del R.D. 1627/97). Se advierte que, conforme establece el art. 7.4. 1627/97, cualquier modificación que se pretenda introducir por la Empresa al Plan de Seguridad y Salud en el trabajo aprobado, en función del proceso de ejecución de la obra, de la evolución de los trabajos o de las incidencias y modificaciones que pudieran surgir durante su ejecución, requerirá de un nuevo INFORME expreso del Coordinador de Seguridad y Salud durante la ejecución de la obra y habrá de someterse al mismo trámite de aprobación, información y traslado a los diversos agentes intervinientes que han quedado reseñados en el párrafo anterior.

El Plan de Seguridad en el Trabajo objeto de la presente Acta habrá de estar en la obra, en poder del contratista o persona que le represente, a disposición permanente de la Dirección Facultativa, además de la del personal y servicios de prevención anteriormente reseñados, Inspección de Trabajo y Seguridad Social y de los órganos Técnicos en esta materia de la Comunidad Autónoma.(2)

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos presentes, acorda a aprobación do plan de seguridade e saúde da obra de “Instalación de césped artificial no campo de fútbol do Casal”

17.- SUBSTITUCIÓNS DA POLICÍA LOCAL

Vista a proposta para as substitucións entre os mandos da Policía Local:

Que día 18/06/09 cesa na substitución do oficial Jesús García Rodas o policía Manuel García Fernández pasando a ser realizada por Julio Sobral Poceiro ata o día 31/07/09, que volve a realizala Manuel García Fernández.

Que día 01/08/09 cesa na substitución do oficial Jorge Juan Casal Blanco o policía Francisco Javier Blanco Portela pasando a ser realizada por Julio Sobral Poceiro ata o día 10/09/09, que volve a realizala Francisco Javier Blanco Portela.

Que dende o día 11/19/09 ata o día 10/10/09 Julio Sobral Poceiro realiza a substitución do policía Eugenio Gestido Malvido que está realizando funcións de oficial.

Que dende o día 15 ao 21 de xuño de 2009 o policía Eugenio Gestido Malvido que está realizando funcións de oficial pasa a substituir ao inspector xefe da P.L., sendo substituído este nas súas funcións de oficial polo policía Luís Varela Brañas.

Que dende o día 01/09/09 ata o día 12/10/09 Luís Varela Brañas realiza a substitución do policía Javier Cruz Pena que está realizando funcións de oficial.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta de substitucións entre os mandos da Policía Local.

18.- PADRÓN DE AUGA E SANEAMENTO DO 2º TRIMESTRE DO ANO 2009

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o padrón de auga e saneamento correspondente ao 2º trimestre do ano 2009, por un importe total de 187.915,12 € e que se expoña ao público.

19.- SERVICIO DE AGUAS AQUALIA: CONEXIÓNS DE AGUAS E SANEAMENTO

	Servizo	Lugar	Taxas abonadas	Informe favorable
CARMEN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ	Saneamento, uso doméstico	r/ Paradela, 74	Conexión sumidoiro..180€	Aqualia Arq. Téc. Munic.
JESÚS RIOBÓ BARCIA	Saneamento, uso doméstico	r/ Berduedo, 133 A	Conexión sumidoiro..180€	Aqualia Arq. Téc. Munic.
LOURDES CURRA ENTENZA	Saneamento, uso doméstico	r/ Broullón, 56	Conexión sumidoiro..180€	Aqualia Arq. Téc. Munic.
COMUN. PROP. EDF. DANIEL CASTELAO Nº 60	Auga, uso doméstico	r/ Daniel Castelao, 60	Conexión augas.....60 € Fianza.....20 €	Aqualia Arq. Téc. Munic.
PROMOCIONES	Auga para local	r/ Donato	Conexión augas.....60 €	Aqualia

SOUTO Y GONZÁLEZ, S.L	comercial	Bernárdez, s/n, Rosal 6, entlo H (Urb. O Rosal)	Fianza.....20 €	
Mª JOSÉ BROULLÓN FONSECA	Auga, uso doméstico	r/ Pura P. Prado s/n Portal 1 4ºG (Urb. O Rosal)	Conexión augas.....60 € Fianza.....20 €	Aqualia

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 19:05 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario, DOU FE.